

ACTA

| | |
|-----------------------|--------------------------|
| Expediente nº: | Órgano Colexiado: |
| JGL/2021/31 | A Xunta de Goberno Local |

| DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN | |
|--------------------------------|-----------------------------------|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 16 de setembro de 2021 |
| Duración | Dende as 12:13 ata as 12:45 horas |
| Lugar | Sala de Reunións |
| Presidida por | Manuel Cuiña Fernández |
| Secretario | María Fernanda Montero Parapar |

| ASISTENCIA A SESIÓN | | |
|---------------------|-----------------------|--------|
| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
| 77404245E | Angela Troitiño Gil | SÍ |
| 76801683Z | Antonio Ferro Losada | SÍ |
| 35251841V | Jesús Taboada Lázara | SÍ |
| 76816828W | Mónica González Conde | SÍ |

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 09.09.2021

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: 09 de setembro de 2021.

Expediente 1548/2021. Servizos Sociais: Solicitud de Axuda de Emerxencia Social.**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 6 de setembro de 2021, por Dona M.M.P.C. de concesión dunha axuda de emerxencia social polo importe de 300€, para o pago dunha mensualidade de aluguer pertencente ó mes de agosto do presente ano 2021, por carecer de ingresos económicos suficientes para facer fronte ós gastos derivados de vivenda.

Visto que segundo informa a Traballadora Social Uxía Fernández Batán, en data 6 de setembro de 2021, a interesada reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, por unanimidade dos membros presentes, adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Conceder a M.M.P.C. unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos derivados do custo de vivenda co fin de evitar o desafiuzamento e asegurar por tanto a cobertura das necesidades básicas do menor.

Segundo.- Comunicar á persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe das prestacións para as finalidades que foron outorgadas.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1569/2021. Servizos Sociais: Solicitud de Axuda de Emerxencia Social.**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe emitido pola Traballadora Social, Celia González Peteiro, de data 09 de setembro de 2021, sobre solicitude de axuda económica formulada por J.F.E., indicando que o mesmo non reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda, por exceder a renda de ingresos económicos.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, acorda:

Primeiro.- Desestimar a solicitude de axuda económica formulada por J.F.E.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 283/2021. Solicitud de Devolución de Garantía. Caldeira de peles Casa do Concello.**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En data 23 de febreiro de 2021 con rexistro de entrada 2021-E-RE-124 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída por José Manuel Esperante Lago, en representación de INSTALACIONES DEZA SL con C.I.F. B36350130 para responder do contrato de OBRAS denominado Caldeira de peles Casa do Concello.

Visto que na cláusula 22 do Prego de cláusulas administrativas que rexeu a presente contratación estableceuse un prazo de garantía de 2 anos dende a acta de recepción da obra e que na oferta presentada polo adxudicatario no proceso de licitación mellora o mesmo no prazo dun ano.

Visto que en data 16 de setembro de 2016 o director da obra certifica que a recepción das obras tivo lugar o día 16 de setembro de 2016, o prazo de garantía finalizou o día 16 de setembro de 2020.

Considerando que de conformidade co establecido no art. 102.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que segundo o informe do técnico municipal Lino M. Doporto Framil e director da obra de data 15 de xullo de 2021 procede a devolución da garantía.

A Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval en metálico constituído por José Manuel Esperante Lago, en representación de INSTALACIONES DEZA SL por importe de 1.180,75 euros, en garantía do correcto cumprimento do contrato de Caldeira de peles casa do Concello.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

EXPEDIENTE 1304/2021. SUBVENCIONS POR CONCORRENCIACOMPETITIVA. BECAS MUNICIPAIS PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS E ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2021-2022

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a ausencia no expediente do informe de fiscalización por parte de Intervención, A Xunta de Goberno Local ACORDA deixar este asunto sobre a mesa.

Expediente 1311/2021. SUBVENCIONS POR CONCORRENCIACOMPETITIVA. AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2021-2022

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a ausencia no expediente do informe de fiscalización por parte de Intervención, A Xunta de

Goberno Local ACORDA deixar este asunto sobre a mesa.

Expediente 1379/2020. Declaración Responsable ou Comunicación en Materia Urbanística. Abastecemento de auga municipal. Devolución de Aval.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que, en data 11 de xuño de 2021 presentouse no rexistro xeral deste Concello, por Manuel Limia Villar, escrito no que expón que en data 9 de novembro de 2020 constituíuse aval a favor do Concello de Silleda por importe de 400,00 € en garantía da correcta execución das obras consistentes en acometida de abastecemento segundo comunicación previa de obras de acometida presentada por Manuel Limia Villar o 11.09.2020 (Rexistro de Entrada nº 2020-E-RC-3367), solicita a devolución do mencionado aval.

Constando na tesourería municipal o ingreso efectuado por importe de 400,00 € en data 09 de novembro de 2020.

Visto que se emitiu por parte do técnico municipal informe favorable a devolución da fianza en data 03 de setembro de 2021

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO. Devolver a garantía (fianza) prestada mediante ingreso depositado o día 09 de novembro de 2020 e que ascende ao importe de 400,00 € a favor de Manuel Limia Villar, no número de conta do que é titular o interesado: ES17 0182 60 50610201550224.

SEGUNDO. Ordenar que se proceda a efectuar as pertinentes notificacións do acordo aos interesados de conformidade co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Expediente 1078/2021. EFICIENCIA ENERXÉTICA CAMPO DE FUTBOL DE LARO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1078/2021

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar que a urxencia de incluír esta proposición na orde do día da presente Xunta de Goberno Local débese á necesidade de cumprir os prazos de xustificación da subvención que financia a execución da presente obra.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 16 de setembro de 2021.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión celebrada en data 02 de setembro de 2021, adxudicouse o contrato de obras denominado "MELLORA DE EFICIENCIA ENERXETICA NO CAMPO DE FUTBOL DE LARO" á empresa MONTEFARO ELECTRICIDADE, SLU, ao sela empresa que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa, por un importe de 34.936,00 euros máis 7.336,56 euros de IVE, total: 42.272,56 euros.

Visto que por Resolución da Alcaldía n.º 2021-0703, de data 14 de setembro de 2021, adxudicouse a dirección facultativa e coordinación en materia de seguridade e saúde da obra presente obra a David Cerdeira Canicoba, redactor do proxecto de execución.

Visto o plan de seguridade e saúde presentado no Rexistro do concello e informado favorablemente polo director de obra e coordinador de seguridade e saúde en data 15 de setembro de 2021.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra "MELLORA DE EFICIENCIA ENERXETICA NO CAMPO DE FUTBOL DE LARO", co informe favorable do coordinador de seguridade e saúde.

Segundo.-Notificar esta Resolución á empresa adxudicataria, recordándolle a obrigatoriedade de poñer na obra o plan a disposición das persoas interesadas mencionadas no artigo 7.4 do RD 1627/1997.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda